

2017 - 2020

# PROXECTO INCENDIOS

Miguel Mosquera

## EXPOSICIÓN

PROXECTO INCENDIOS 2017 – 2020

Do 25 de novembro de 2022 ao 25 de xaneiro de 2023

Fundación Museo de Artes  
do Gravado á Estampa Dixital  
Lugar de Outeiro, 52  
15969 Artes, Concello de Ribeira  
A CORUÑA

Tlf: 981 871 342

E-Mail: [fundartes@gmail.com](mailto:fundartes@gmail.com)

Web: [www.fundartes.com](http://www.fundartes.com)

## COMISARIADO

Miguel Mosquera  
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

## IMPRESIÓN

Gráficas Garabal

## DL

?????

O Museo do Gravado expón o *Proxecto Incendios 2017 – 2020*, a reflexión artística de **Miguel Mosquera** sobre o mal do lume, sobre a memoria das cicatrices que deixa na natureza e en nós. Unha serie de serigrafías para reflexionarmos, para non agochar a traxedia, para eludir o silencio sobre as nosas irresponsabilidades, a angustia sobre a vulnerabilidade climática. Conciencia dos lugares queimados, desaparición de ecosistemas, do noso pasado rural, mais tamén do noso futuro.

Unha exposición necesaria para a nosa sensibilidade e para a nosa reflexión, para a nosa toma de conciencia. Para pensarmos os nosos valores emocionais, estéticos, ecolóxicos. Unha exposición orixinal que debe provocar en nós desolación, medo, razón. Un testemuño das cicatrices que fican.

Manuel Ruíz Rivas  
Presidente FMAG  
Alcalde de Ribeira

## **MIGUEL MOSQUERA: PROXECTO INCENDIOS 1917 - 2020**

Unha exposición para a conciencia, para o testemuño da perda, do esquecemento do que foi. O lume que nos fai desaparecer. Nin terra, nin fontes, nin beleza. O que se queima, pérdese e iso abala o noso sentido estético, o noso ecosistema, o equilibrio do mundo.

**Miguel Mosquera** logra, con esta mostra, facernos partícipes desa desfeita, do presente e do futuro. Non é o lume mítico que nos vencella ás orixes, nin o lume que nos quence ou transforma a historia. Non, é o lume que destrúe, que leva consigo a memoria e a beleza da natureza e das súas posibilidades de futuro.

Miguel Mosquera fai entrar a razón na nosa conciencia, os porqués dos danos do lume. O lume que dá medo, as cicatrices que fican en nós. Fainos reflexionar sobre como administramos o territorio, como nos relacionamos co espazo e a beleza. Vemos as consecuencias do monte queimado, das nosas contradicións e inercias, das nosas negligencias. Unha certa beleza da desolación, do abandono e desleixo do rural, do pasado do que fomos.

Arte e testemuño, arte e memoria, arte e verdade.

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

Director

Museo do Gravado


perdemos más que  
a terra



O que se queima é  
un Xardín-Natureza.  
Un ecosistema perfecto  
e necesario para os nosos  
valores estéticos, emocionais,  
ecolóxicos e de pertenza  
á nosa Terra.

O que se queima é :  
a nosa pertenza - a nosa  
memoria - a nosa patria - a nosa  
terra - a nosa vida - as nosas  
fontes - os nosos arumes e  
o noso futuro.





San Pedro de Flariz é unha parroquia do concello ourensán de Monterrei na comarca de Verín. Composto de tres entidades de poboación: A Caridade, Flariz e Sandín. No ano 2000 tiña unha poboación de 431 habitantes; no 2007 tiña 373 habitantes e no 2017 tiña 310 habitantes.

Zona de concentración parcelaria e con tres Montes Veciñais de Man Común.

**No ano 2020 en Flariz arderon 722 ha . con gran perigo para as vivendas  
INTENCIONADO**



## **CAIXA /CONTEDORES : INCENDIOS EN GALICIA 2017/2020**

### **Desenvolvo ano 2017**

Primeiramente selecciono uns núcleos rurais que no verán do ano 2017 sufriron distintos incendios.

Os lugares están situados en Ourense: Paderne de Allariz , Baños de Molgas e Lobios.

Accións:

1.- Percorro os lugares seleccionados: Saa, Brandin, Baños de Molgas ,Cela en Lobios e Pena Veidosa en San Cristovo de Cea. Realizo unha exploración e recollo as cinzas dos incendios. Embólsoos e etiqueto co lugar e data de recollida . Cada bolsa se garda nun blister de pvc. Un total de 50 blisters .

2.- Para darlle unha maior forma aos blister: deseño para a súa fabricación unhas caixas de cartón kraft.

3.- A maioría do traballo gráfico e plástico de todas as pezas que integran o proxecto, queda especificado maioritariamente ao sistema de estampaxe en Serigrafía.

4.- Cada lugar seleccionado leva un número ou lote de caixas polo número de mostras recollidas. A grafía é distinta para cada lugar . O que supón facer múltiples pantallas e impresións . Total de 50 caixas.

### **Ano 2020 – SILENCIOS**

Os silencios ocultan as negligencias e a irresponsabilidade solidaria. Os SILENCIOS enmarañan as verdades da nosa vulnerabilidade climática e non contan o colapso da nosa contorna natural.

SILENCIOS será o relato que deixaremos no futuro.

No ano 2020 sigo o mesmo proceso que no ano 2017. As comarcas seleccionadas da provincia de Ourense son: MONTERREI e CUALEDRO e os lugares SAN MILLAO, SAN CRISTOVO, FLARIZ, e tamén no PARQUE NATURAL DO XURÉS. A este ano títuloo “SILENCIOS”. Son un total de 50 caixas contedores.

*Miguel Mosquera*



Baños de Molgas é un concello da provincia de Ourense, pertencente a comarca de Allariz - Maceda. Segundo o IGE en 2019 tiña 1.519 habitantes. A vila de Baños de Molgas crese que foi a mansión romana Salientibus do itinerario de Antonino. Naquela época realizáronse achados arqueolóxicos á beira da ponte romana e preto dela atópanse o balneario cuxas augas termais do río Arsoia son moi apreciadas no século XXI

**ÉTICA**

**Valores**

**O 15 de Outubro arderon en Baños de Molgas: 1.599,97 ha**

## Todos os lumes

*Camilo Franco*


No principio é o lume. A relación antiga, primitiva, urxente, como animais que se teñen moito medo a pesar de necesitárense. No principio sempre está a intensa sensación de perigo de calquera mamífero asustado polas lapas que removen a materia nerviosa ata o último dos cerebros. Como o coello diante da donicela. Como se o lume fose anterior a nós. Pero este é só o primeiro dos erros.

Queremos ver, por veces, o lume como esa criatura mítica que nos relaciona coa indefensión orixinal da especie, pero o certo é que sobre o lume erguéronse varias civilizacións. Que o lume é o gran elemento transformador da historia e que un fogar é un lume. Quizais tamén por iso, pola dependencia do perigo. É imprescindible, pero é mortal. O lume veu con nós. Somos nós.

Logo están os lumes dos montes e queremos padecer a maldición bíblica de non ser capaces de distinguir uns e outros. De non querer avanzar por riba desa metáfora de entender todos os lumes como o mesmo lume. Como se todos estivesen alimentados por unha mesma mecha invisible que o fai aparecer aquí e acolá. Pero en todas partes aparece mítico, como unha praga, como un combate imposible que a humanidade leva librando desde o principio dos tempos. Desde antes de que houberse humanidade. Antes da civilización. Antes de antes que houberse capitalismo.

Dámos por igual o lume azul das caldeiras e o dourado das cheminés. Como se a pólvora da pirotecnia fose a mesma que a das balas. É verdade: confundimos os síntomas coas causas e aí estamos presos como quen non quere asomar a cabeza para ver o fondo do pozo. Porque o pozo somos nós e no fondo sempre hai restos dun lume que prendimos e a intuición cultural de que sen drama non hai progreso. Sen sangue non se poden defender o dereito. Ser racionais está

# indiferenza



San Millao é un lugar do concello ourensán de Cualedro na comarca de Verín. No ano 2019 tiña 86 habitantes

**A comarca de Cualedro e a súa entorna rexistran unha continua actividade incendiaria:**

**Ano 2020 :** en San Millao arderon 1.1535 ha. que arrasaron propiedades, viñedos e cultivos. No ano 2016 Cualedro sufriu un devastador incendio de 1.588 ha. e Cimbra 1.500 ha. . No ano 2005 ardan 1.550,60 ha. en Cualedro y 1.450 ha. en

Verín

**PROVOCADOS**


mal visto porque non conmove. Pero o lume si. O lume conmove todas as partes adormecidas e botamos a correr na dirección contraria ao fume, que non sempre é a dirección correcta porque non sempre é a contraria ao lume.

Nós necesitamos o lume para seguir coa civilización en marcha. El necesita de nós para prender. Na extraña complementariedade poñemos combustible e lamentos ao mesmo tempo, Jekyll e Hide sen solución de continuidade na dobre cara da civilización, no círculo vicioso de todas as contas.

Logo están os montes e preferimos os lamentos aos coidados. O mesmo é unha actitude permanente que non ten disimulo cando observas a pel negra deitada sobre o horizonte. Están os montes, que certamente é unha definición imprecisa porque alude en parte ao non civilizado, ao selvático a ese lugar de toxos mestos e fuxidos en tempo de guerra. O monte, en Galicia, ten esa mítica do inculto, ese espazo por cultivar onde aínda quedan contos de lobos. O lugar sen extremas no que podes pederte. Ese espazo que está máis alá do lugar sen cobertura. A fronteira final. Pero todo isto é literatura defensiva. Nada disto ten correspondencia coa realidade aínda que calquera poida vagar nun monte durante horas. O monte, como case todo, ten as súas propias normas. Se o deixas, medra. Se o deixas, pon en marcha a súa propia sociedade animal e vexetal na que pode haber unha parte non racional, pero case nunca é casualidade.

O monte queima e nese lume arden resumidas moitas contradicións da sociedade occidental. A que fai por esquecer o seu pasado rural, a que aplica criterios fóra de contexto, que sobreactúa nas desculpas antes que actuar cos remedios. Esa mesma da que colgan un millón de razóns que case nunca coinciden coas necesidades. Son razóns que teñen un sentido cristiano do discurso: aliviar a culpa, encamiñala noutro sentido. Desfacerse dela con esa importancia impostada do arrepentemento. Toda a retórica destinada a que o retrato en cinza que queda sexa o ideal despois dun incendio.

O retrato faino Miguel Mosquera pola vía de revisar racionalmente os elementos que contornan ao lume. É importante este matiz. Como nos dramas mellor escritos



**Pena Veidosa** é un monte de 1.000 metros de altura e declarado como zona especial de conservación (ZEC). Esta área de conservación ocupa 2.321 ha dos concellos de Carballedo e San Cristovo de Cea. Pola súa biodiversidade está integrada na Rede Natura 2000. Preto de Pena Veidosa atópase o Mosteiro de Oseira

San Cristovo de Cea (Durense). Poboación no ano 2019 de 2.137 hab. e unha extensión de 93,9 km<sup>2</sup>. Ten 13 parroquias

**MONTES**

**FONTES**

**REGATOS**

**VIDA**

é importante revisar o que pasa despois do lume. Pero é fundamental ver que sucedeu antes. Cando hai lume encontramos os titulares, as medicións, as marcas, os danos. O lume é coma guerra. Esa alteración do presente que non nos deixa pensar. Miguel Mosquera fai un mapa novo desas relacións entre o antes e o despois. Nun sentido racional, o artista “esquece” o lume para facer ver o resto das cousas. Entre ese resto está o territorio e o xeito no que nos relacionamos con el. Está a xente e a maneira en que habita o territorio. Está, con especial atención, a relación simbólica entre nós como sociedade e o monte como espazo. Esa relación e as palabras que arden no lume e as que quedan como cinza. Palabras dun discurso que, a lume pasado, parece encendido polo ánimo corrector. Son as palabras que decaen en canto chega outubro ou as primeiras chuvias, o que aparece primeiro no horizonte. Son as palabras da industria do lume e do xogo de se hai que informar ou desinformar sobre o lume. Son as palabras dos espectadores que, unha vez metidos na sección de deportes do telediario, esquecen o sentido estratéxico da vida planetaria. Miguel Mosquera non explica por que arde, Mosquera explica o significado do queimado.

Entre nós e os lumes hai unha relación íntima. Periódica. Revenida. Nas tardes de sol do inverno poderíamos saír ao territorio e quizais vexamos as cicatrices nas extensións de monte aínda renegrado e no verdor que asoma con timidez ao que non sei se poderemos cualificar de cinguido. Poderemos botarnos ao monte en calquera das mil primaveras máis e asistir a teimosía da natureza rexeneradora e ser optimistas e despreocuparnos, ou ser realistas e calcular que sen nós nada disto tería pasado.

Cando veña o calor que quere ser de verán pode volvernos o medo a non ter feito os deberes e a esperar que chova ou calquera desas outras esperanzas desmobilizadoras. Podemos ver a paisaxe e darlle todas as explicacións literarias en función da fantasía ou do escapismo. O que non teremos tan fácil é ver as causas do lume. Non será tan fácil ver as consecuencias últimas de cada unha desas cicatrices. Porque as consecuencia podeades velas aquí.

## Miguel Mosquera

Nace en Ourense 1953. Vive en Santa Mariña do Monte.

Selección de exposicións e talleres:

- 2022 **Museo de Gravado Estampa Dixital. Artes**  
Feira Internacional de Libro de Artista. Barcelona
- 2014 "O boceto do mundo". Marco (Museo de Arte Contemporaneo). Vigo  
Auditorio de Galicia. Santiago de Compostela  
Fundación Luis Seoane. A Coruña
- 2013 "Ensamblaxe y collaxe en Galicia". Fundación Laxeiro. Vigo  
**Espazo Sumay- Vilagarcía**
- 2010 **Centro Marcos Valcarcel. Ourense**
- 2007 **Galería PM8.Vigo**
- 2005 Colectiva Inauguración Centro Cultural Caixanova en Ourense
- 2004 Feria Arco 2004, Madrid –Galería Marisa Marimón
- 2003 **Galería Marisa Marimón. Ourense**
- 2002 **Arcana Galería de Arte. Vilagarcía de Arousa**
- 2000 Galería Trinta. Santiago
- 1999 **Galería Trinta. Santiago**
- 1998 Galería Trinta. Santiago
- 1995 "**Mar de Fondo**", **Galería Abel Lepina. Vigo**
- 1994 Bienal Iberoamericana de Grabado. A Coruña
- 1993 40 Críticos/Jóvenes Artistas. Estación Marítima. Vigo  
Feria de Arte ARCO 93. Madrid. Galería Trinta
- 1992 Feria de Arte ARCO 92. Madrid. Galería Trinta  
Exposición Universal de Sevilla. (Expo 92). Pabellón de Galicia. Sevilla
- 1991 **Galería Trinta. Santiago de Compostela.**  
**Galería Abel Lepina. Vigo**  
**Casa Patas. Madrid**
- 1990 Revisión dunha "Década 1978/1988 "Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela  
Casa de las Artes e Historia de Vigo  
"Ay meu Ourense" Museo Municipal. Ourense  
S.P. Museo Arqueolóxico. Ourense /Galería Trinta. Santiago de Compostela



- 1989 **Galería Expresión. Ourense**  
1 + 1= 12 Museo Municipal. Ourense  
Paralelo 42. Casa da Parra. Santiago de Compostela
- 1987 **Galería Gruporzán. A Coruña**
- 1986 **Caja Postal. Santiago de Compostela**  
**Galería Sargadelos. Santiago**  
Galería Gruporzán. A Coruña  
S.N.B.A., Fundación. Calouste Gulbenkian. Lisboa  
**Sala Nicanor Pinole. Gijón**
- 1983 **Museo de Bellas Artes. Santander**  
VII Bienal. Pintura Española de los 80. Pontevedra  
**Galería Sargadelos. Madrid**
- 1982 **Sala Luís Seoane. Coruña**  
Arteder 92. Bilbao  
VI Bienal. Pontevedra  
Kanagawa Prefectural Gallery. Japón
- 1980 X Ciclo Plástica Gallega. Caixa Vigo. Vigo  
Montaxe Plástico Urbán. Ourense  
Kanagawa Prefectural Galiery. Japón  
Galería Sargadelos. Santiago  
Sala Luís Seoane. A Coruña
- 1978 **Galería Arco da Vella. Lugo**
- 1977 **Museo Arqueolóxico. Ourense**
- 1976 **Sala Municipal. A Coruña**
- 1975 **Ateneo de Ourense**  
Exposición Itinerante. Homaxe a Federico Lorca: Mar de Plata. Argentina / Córdoba. Argentina / Santiago de Estero. Argentina /  
San Juan y San Pedro. Argentina /Librería Española. Buenos Aires
- 1974 **Institute of Spain. Londres**  
H.Okura. Amsterdam  
Museo Bellas Artes. Santiago de Chile  
Museo de Arte. Valparaíso. Chile
- 1973 **Museo Arqueolóxico Ourense**  
Alhambra de Granada
- 1971 **Volter do Tucho. Ourense**

**OBRA :**

World Print Council, San Francisco / Museo Bello Piñeiro , Ferrol / Museo Bellas Artes, Santander / Museo Carlos Maside, Sada /  
Fondos Xunta de Galicia / Fondos Centro Galego de Arte Contemporaneo, Santiago de Compostela / Fondos Concello de Ourense /  
Fondos Rodriguez Iglesias, A Coruña / Fondos Diputación de Ourense / Fundación Abanca.





# FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES

DO 25 DE NOVEMBRO DE 2022 AO 25 DE XANEIRO DE 2023

... Eu sospeito que a terra ten intelixencia, unha intelixencia vagarosa, demorada, cansa, quizais. A súa grandeza asoballa o noso pensar bulideiro e desatinado, e compréndese que soamente nela poidamos deprender a ciencia da vida...

*Vicente Risco*  
Leiria (A coutada)

## TEXTOS:

CARLOS DA AIRA, BENITO ELADIO FERNÁNDEZ RODRIGUEZ, FERNANDO FERRO, CELIA PARRA, ADELA FIGUEROA PANISSE, ARMANDO GONZÁLEZ LÓPEZ, ANXO PASTOR, ALFONSO AYDILLO E JUAN SEOANE

